



Benidorm: comentario dunha paisaxe turística

1. Localización e recursos turísticos

- Localización xeográfica da paisaxe turística.
- Recursos turísticos:
 - Recursos naturais: relevo e formacións xeolóxicas, praias, clima, formacións vexetais, espazos naturais protexidos.
 - Recursos culturais: monumentos, museos, festivais, feiras, gastronomía.

2. Características do espazo turístico

- Oferta hoteleira, de manutención e de recreo (hoteis, restaurantes, recursos para o ocio).
- Accesibilidade para a demanda (situación respecto á rede de estradas e ferrocarrís, proximidade de aeroportos).

1. A paisaxe turística se localiza na localidade alicantina de Benidorm. Nel se aprecian unha serie de recursos naturais que favorecen a atracción turística: praias longas e areosas e un clima mediterráneo caracterizado por veráns secos e calurosos. Estes rasgos climáticos se desprenden das características da escasa cuberta vexetal dos relevos montañosos do fondo da paisaxe e da vexetación de pinos do primeiro plano, resistentes a sequías prolongadas.
2. Este espazo turístico se caracteriza por unha abundantísima oferta hoteleira e extrahoteleira (apartamentos, de manutención e de recreo (piscinas, instalacións deportivas). Ademais, dispón dunha boa accesibilidade por carretera e por vía aérea, dada a súa proximidade ao aeroporto de Alicante.

3. Tipo de turismo

Determinación do tipo ou tipos de turismo dominantes na paisaxe:

- Turismo de bordo de auga: sol e praia, ríos, lagos, encoros, balnearios.
- Turismo de montaña: esquí, excursionismo, sendeirismo, alpinismo, barranquismo, deportes de aventura.
- Turismo ecolóxico: espazos naturais protexidos.
- Turismo rural: contacto con labores agrarios, agromuseos, agrotendas.
- Turismo urbano: cultural, de negocios.
- Outros: cruceiros, compras, golf, etc.

3. A modalidade turística á que corresponde esta paisaxe é o turismo de bordo de auga, especializado en sol e praia. As características deste modelo son unha abundante oferta dirixida a unha clientela masiva, de nivel medio, e moi concentrada estacionalmente nos meses de verán.

4. Repercusións do turismo no territorio

Detección das consecuencias que se derivan da actividade turística no territorio:

- Demográficas: aumento da poboación e da ocupación en certos sectores económicos; retención da poboación en áreas desfavorecidas.
- No poboamento: extensión do poboamento urbano.
- Económicas: creación de emprego; efecto multiplicador noutras actividades económicas; ingresos económicos e divisas, desenvolvemento dos transportes.
- Políticas, culturais e sociolóxicas: achegamento entre pobos e culturas; modernización social ou perda de identidade; efectos positivos ou negativos na calidade de vida dos residentes.
- Na ordenación do territorio: transformacións no contorno; conflitos con outras actividades.
- Medioambientais: urbanización incontrolada; degradación medioambiental; alteración da paisaxe, coidado do ámbito medioambiental.

4. As repercusións do modelo turístico que se desprende da fotografía son variadas:

- Demográficas: un gran incremento da poboación durante a tempada turística alta, tanto pola afluencia de visitantes como pola de persoal empregado nos servizos turísticos. Esta enorme concentración de persoas nun período curto de tempo pode provocar saturación e deterioro das infraestruturas, perda de calidade e problemas medioambientais. Non obstante, a estacionalidade deste localidade é menor ca de outros núcleos especializados na mesma modalidade turística. A este feito contribuíu un maior escalonamento das vacacións ao longo do ano, especialmente durante as pontes e vacacións de Semana Santa, e o incremento da afluencia do turismo da terceira idade, tanto nacional como estranxeiro.
- Económicas: a creación de emprego no sector turístico e en outros relacionados con el, como a construción, e a aportación de importantes ingresos económicos.
- Na ordeación do territorio: os espazos próximos implantan actividades e servizos relacionados co turismo, como a canteira aberta na montaña; e os espazos naturais e agrarios do entorno pasan a ser ocupados por hoteis, apartamentos e instalacións turísticas, co conseguinte cambio nos usos e no valor do solo.
- No medio ambiente: aparecen bloques de hoteis e apartamentos bordeando a liña de praia; e a afluencia turística incrementa o consumo de recursos escasos, como a auga, xenerando importantes volúmenes de residuos.

5. Actuacións para mellorar o modelo turístico existente

- Mellora da calidade da oferta.
- Diversificación da oferta con novas modalidades turísticas.
- Promoción turística e asociacións de empresas do sector.
- Medidas para a sostibilidade ambiental; preventivas e rehabilitadoras.

5. Entre as actuacións que poden emprenderse para mellorar este modelo turístico cabe sinalar as seguintes:

- Fomentar novas modalidades de turismo diferentes ao sol e praia, que requiren instalacións, servizos e oferta complementaria distinta da existente, atendendo á existencia dunha maior diversidade e calidade por parte do turista e aumentando, por conseguinte, o seu gasto medio no lugar.
- Compatibilizar o desenvolvemento do turismo coa calidade medioambiental, valorando o impacto ambiental dos novos proxectos, coidando a estética paisaxística e rexenerando os espazos degradados.

Problemas	Medidas para atallalos
- Clientela de nivel medio-baixo. - Oferta pouco diversificada. - Estacionalidade da demanda. - Desexo da demanda de participar na viaxe. - Competencia externa. - Evasión de beneficios a tour operadores estranxeiros. - Problemas medioambientais.	- Incremento da calidade da oferta. - Desenvolvemento de novas modalidades turísticas: turismo rural, de montaña, ecolóxico e urbano. - Fomento de modalidades turísticas non estacionais. - Uso das novas tecnoloxías para o trato coa clientela. - Promoción turística internacional e en mercados emerxentes. - Mellora da comercialización e desenvolvemento de operadores nacionais. - Avaliación do impacto ambiental dos proxectos, coidado da estética paisaxística, rexeneración de espazos degradados e sensibilización social cara ao entorno.